A RELIXIÓN ROMANA

ORIXES

O desenvolvemento da relixión nas sociedades humanas responde a un sentimento de inseguridade do home fronte ás dificultades da vida e a certeza (e incomprensibilidade) da morte.

Os romanos, pobo inicialmente agrícola e por iso moi dependente dos azares meteorolóxicos, concebiron a relixión como un medio de obter o beneplácito dos deuses en relación cos proxectos que os humanos queren levar a cabo, tanto individual como colectivamente. E houbo deuses para todo tipo de actividades e necesidades: da paz, da tranquilidade, da

DEUSES

Ese contrato humano- divinidade comezaba a ter efecto no ámbito familiar, no que o *paterfamilias* exercía de sacerdote. Cada familia (ao principio, só as patricias) tiña o seu propio culto particular, e os seus métodos pasaban de pai a primoxénito, como símbolo de permanencia da familia. Catro eran as divinidades honradas en cada casa, todas representadas no *lararium* ou altar situado no *atrium* no que se depositaban as ofrendas (alimentos , flores, bebidas..) e no que sempre

LARES	PENATES	MANES	XENIO
O lar familiar era o protector da casa, que velaba pola familia desde o principio dos tempos	Garantían o abastecemento da casa: eran honrados para pedir que nunca faltase alimento	Os antepasados da familia, venerados como deuses acolledores dos defuntos	O espírito do *paterfamilias*, que estaba encargado de protexelo como o corazón da familia

Xúpiter, pai dos deuses e rexedor do Universo

Marte, deus da guerra

Saturno, deus da sementeira

Venus, deusa do amor

Fauno e Silvano, deuses dos rabaños e os bosques, respectivamente

Se vemos a sociedade como unha grande familia, é lóxico que o Estado tamén procurase o favor dos deuses para o colectivo. E, cantos máis deuses se honrasen, mellor: por iso ao longo da historia romana fóronse engadindo divinidades a un panteón orixinal relacionado coa agricultura. A grande influencia da cultura grega fixo que, durante a República, se consolidase unha fusión entre a mitoloxía autóctona (*di indigetes*) e a grega. Así, co paso dos

SACERDOTES

A romana era unha relixión moi formalista: había que dirixirse á divinidade dun certo e exacto xeito, de modo que o dominio do rito correcto era case unha ciencia. Diso encargábanse unha serie de colexios sacerdotais: sen embargo, os sacerdotes eran ao mesmo tempo cidadáns, e Roma nunca coñeceu unha casta sacerdotal como entidade diferenciada e depositaria dun poder diferente ao civil. Mais a súa presencia era moi importante, pois non había proxecto civil ou militar que se emprendera sen intentar averiguar a disposición divina. Velaquí colexios de sacerdotes e a

PONTÍFICES

- Era o colexio sacerdotal máis importante.

- O seu número estivo entre 5 e 15, segundo a época, e eran elixidos polos *comitia curiata*. Ordeaban o calendario (días hábiles e non hábiles).

- Estaban presididos polo *Pontifex Maximus*, que elixía aos demais sacerdotes, e tiña unha influencia política moi forte, xa que o cargo era vitalicio: a maioría das veces pertencían ás familias máis sobranceiras de Roma

FLÁMINES

- Había 3 maiores, dedicados ao culto de cadanseu deus:

1. *flamen Dialis*: Xúpiter
2. *flamen Martialis*: Marte
3. *flamen Quirinalis*: Quirino, que era outro nome para Rómulo divinizado

- Recoñecíanse en público polo gorro (*pileus*) que levaban obrigatoriamente

AUGURES

- Houbo entre 3 e 17, segundo a época; o cargo era vitalicio.

- Interpretaban a vontade dos deuses (por orde dos maxistrados) a partir da observación do vo, a forma de comer e o canto dos paxaros, así como os fenómenos atmosféricos

- Recoñecíanse en público por levaren a toga con listas púrpuras (*toga trabeata*) e un bas´tón curvo *lituus*)

HARÚSPICES

- Estaban encargados de supervisar os sacrificios de animais e, unha vez mortos, examinar as súas entrañas para ver qué aspecto tiñan e así interpretar a vontade dos deuses

SALIOS

- Eran 24 e estaban consagrados a Marte: na súa honra percorrían a cidade en datas concretas danzando e entonando cancións nun latín tan arcaico que xa non se comprendía

- Tocábanse cun gorro e vestían a *toga trabeata.* Tamén levaban colgados do peito uns escudos que, ao tempo que danzaban e cantaban, golpeaban cunhas espadas ou varas



FECIAIS	- Había 20 - Eran enviados para advertir a algún pobo co que Roma tivese conflicto da proximidade da guerra se non se satisfacían as reclamacións romanas - Se a guerra era inevitable, achegábanse aos límites do inimigo e botaban unha lanza cara o seu territorio, co que se consideraba iniciado o conflicto bélico



VESTAIS	-Había 6, e eran elixidas, moi noviñas (entre os 6 e os 10 anos), polo *Pontifex Maximus* entre as familias máis distinguidas de Roma - Debían manter aceso o lume sagrado de Vesta, símbolo da permanencia de Roma - Tiñan que manterse virxes durante 30 anos, baixo pena de morte por soterramento, xa que por ser sagradas o seu sangue non se podía verter

FESTAS

FERIAE	*LVPERCALIA*	- Celebradas o 15 de febreiro - Os participantes (*luperci*), seminus, partían en correas as peles dos animais sacrificados e percorrían a cidade azoutando aos que se topaban
	LEMVRIA	-Celebradas entre o 9 e o 13 de maio - As almas dos mortos visitan as casas que habitaron, e hai que afastalas con palabras amables, para que os defuntos acouguen
	SATVRNALIA	-Celebradas entre o 17 e o 23 de decembro - Ofrecíanse moitos banquetes, e tamén se intercambiaban regalos e bos desexos para o novo ano que estaba a piques de comezar

Igual que facemos hoxe, había datas do ano dedicadas especialmente a algunhas celebracións relixiosas. O seu número era considerable, xa que ás que tiñan data fixa hai que engadir as que se decretaban con motivo dalgún acontecemento excepcional, tanto de carácter positivo como negativo. En xeral, cómpre distinguir entre as de carácter estrictamente relixioso (*feriae*) e as que mesturaban un elemento civil e un relixioso (*ludi*). Se te fixas, verás que aínda conservamos rasgos

Representacións pictóricas das *Lupercalia (arriba)* e *Saturnalia* (dereita)

Eran múltiples os actos cos que se pretendía entrar en contacto co deus ou deuses obxecto de homenaxe para conseguir o seu favor. Ademais das *feriae*, en ocasións extraordinarias (desgracias públicas, p. ex.) as autoridades decretaban ritos especiais, denominados *supplicationes*. En canto aos ritos máis cotiáns, eran

LVSTRATIO	Rito purificatorio mediante o emprego ritual de certos elementos, maiormente auga e lume. Tamén podían culminar cun *sacrificium*
LECTISTERNIVM	Banquete ofrecido a unha ou varias divinidades de orixe estranxeira; os deuses asistían eb forma de estatuas ou de obxectos relacionados co seu culto
VOTVM	Promesa de realización dun acto en obsequio dunha divinidade se esta cumpre o pedido que se lle fai
SACRIFICIVM	Podía ser de froitos ou animais, con derramamento de sangue: vacas, porcas, ovellas…

Baixorrelevo dun *lectisternium*

O *sacrificium* máis rechamante co que podía rematar unha *lustratio* era o chamado *suovetaurilia,* no que se inmolaban un porco, unha ovella e un touro

Os *ludi* eran celebracións onde o elemento relixioso e o civil estaban mesturados. Eran moi apreciados pola poboación, xa que incluían espectáculos teatrais, combates de gladiadores e carreiras de carros. O número de días ao ano nos que se celebraban chegou a ser de 177. Os máis importantes eran estes:

LVDI ROMANI	- Tamén chamados *Ludi Magni*, eran as festas principais e foron instituídos no 390 a.C. - Honrábase a Xúpiter Óptimo Máximo - Duraban do 4 ao 19 de setembro: o día grande era o 13, no que se ofrecía un banquete ao deus
LVDI APOLLINARES	- Eran na honra de Apolo e fornn establecidos no 212 a.C. - Celebrábanse en torno ao 13 de xullo
LVDI MEGALENSES	- Neles celebrábase a Cibeles, tamén chamada *Magna Mater*, divinización da fertilidade da terra - Tiñan lugar arredor do 4 de abril

	ISIS	- Entrou con forza en Roma no s. I a.C., procedente de Exipto - As mulleres tíñanlle fe, pois confiábase nela como dadora de fertilidade e protectora nos partos - Supoñíanselle vínculos coa vida ultraterrena, xa que resucitou ao seu marido Osiris
	MITRA	- Aparece en época imperial e procede da zona do Imperio Persa -- Personifica a loita entre o Ben e o Mal: os fieis, co seu culto, axudan a Mitra a facer triunfar o Ben, e a cambio reciben a felicidade eterna despois da morte
	XESÚS CRISTO	-Chega a Roma desde Palestina, previo paso polas zonas de fala grega do Imperio -Vai gañando adeptos ata penetrar en todas as capas sociais, partindo das máis desfavorecidas - Ofrece a vida eterna a cambio de practicar o modelo de vida do fundador

Avanzado xa o réxime imperial, a incertidume que paseniñamente afectou ás vidas das persoas fixo que comezasen a ter adeptos unha serie de relixións que prometían o benestar para unha vida posterior á terrenal. Houbo tres que destacaron polo número de fieis que atraeron, e mesmo unha delas trascendeu o Imperio Romano

A RELIXIÓN ROMANA

ORIXES

O desenvolvemento da relixión nas sociedades humanas responde a un sentimento de insegurixidade do home fronte ás dificultades da vida e a certeza (e incomprensibilidade) da morte.

Os romanos, pobo inicialmente agrícola e por iso moi dependente dos azares meteorolóxicos, concebiron a relixión como un medio de obter o beneplácito dos deuses en relación cos proxectos que os humanos queren levar a cabo, tanto individual como colectivamente. E houbo deuses para todo tipo de actividades e necesidades: da paz, da tranquilidade, da

DEUSES

Ese contrato humano- divinidade comezaba a ter efecto no ámbito familiar, no que o *paterfamilias* exercía de sacerdote. Cada familia (ao principio, só as patricias) tiña o seu propio culto particular, e os seus métodos pasaban de pai a primoxénito, como símbolo de permanencia da familia. Catro eran as divinidades honradas en cada casa, todas representadas no *lararium* ou altar situado no *atrium* no que se depositaban as ofrendas (alimentos , flores, bebidas..) e no que sempre

LARES	PENATES	MANES	XENIO
O lar familiar era o protector da casa, que velaba pola familia desde o principio dos tempos	Garantían o abastecemento da casa: eran honrados para pedir que nunca faltase alimento	Os antepasados da familia, venerados como deuses acolledores dos defuntos	O espírito do *paterfamilias*, que estaba encargado de protexelo como o corazón da familia

Fauno e Silvano, deuses dos rabaños e os bosques, respectivamente

Saturno, deus da sementeira

Venus, deusa do amor

os a sociedade como unha grande
a, é lóxico que o Estado tamén
rase o favor dos deuses para o
tivo. E, cantos máis deuses se
sen, mellor: por iso ao longo da
oria romana fóronse engadindo
nidades a un panteón orixinal
onado coa agricultura. A grande
ncia da cultura grega fixo que,
a República, se consolidase unha
entre a mitoloxía autóctona (*di*
tes) e a grega. Así, co paso dos

SACERDOTES

A romana era unha relixión moi formalista: había que dirixirse á divinidade dun certo e exacto xeito, de modo que o dominio do rito correcto era case unha ciencia. Diso encargábanse unha serie de colexios sacerdotais: sen embargo, os sacerdotes eran ao mesmo tempo cidadáns, e Roma nunca coñeceu unha casta sacerdotal como entidade diferenciada e depositaria dun poder diferente ao civil. Mais a súa presencia era moi importante, pois non había proxecto civil ou militar que se emprendera sen intentar averiguar a disposición divina. Velaquí os principais col

PONTÍFICES

- Era o colexio sacerdotal máis importante.

- O seu número estivo entre 5 e 15, segundo a época, e eran elixidos polos *comitia curiata*. Ordeaban o calendario (días hábiles e non hábiles).

- Estaban presididos polo *Pontifex Maximus*, que elixía aos demais sacerdotes, e tiña unha influencia política moi forte, xa que o cargo era vitalicio: a maioría das veces pertencían ás familias máis sobranceiras de Roma

FLÁMINES

- Había 3 maiores, dedicados ao culto de cadanseu deus:
  1. *flamen Dialis*: Xúpiter
  2. *flamen Martialis*: Marte
  3. *flamen Quirinalis*: Quirino, que era outro nome para Rómulo divinizado

- Recoñecíanse en público polo gorro (*pileus*) que levaban obrigatoriamente

AUGURES

- Houbo entre 3 e 17, segundo a época; o cargo era vitalicio.

- Interpretaban a vontade dos deuses (por orde dos maxistrados) a partir da observación do vo, a forma de comer e o canto dos paxaros, así como os fenómenos atmosféricos

- Recoñecíanse en público por levaren a toga con listas púrpuras (*toga trabeata*) e un bastón curvo (*lituus*)

HARÚSPICES	- Estaban encargados de supervisar os sacrificios de animais e, unha vez mortos, examinar as súas entrañas para ver qué aspecto tiñan e así interpretar a vontade dos deuses

SALIOS	- Eran 24 e estaban consagrados a Marte: na súa honra percorrían a cidade en datas concretas danzando e entonando cancións nun latín tan arcaico que xa non se comprendía - Tocábanse cun gorro e vestían a *toga trabeata*. Tamén levaban colgados do peito uns escudos que, ao tempo que danzaban e cantaban, golpeaban cunhas espadas ou varas

FECIAIS	- Había 20 - Eran enviados para advertir a algún pobo co que Roma tivese conflicto da proximidade da guerra se non se satisfacían as reclamacións romanas - Se a guerra era inevitable, achegábanse aos límites do inimigo e botaban unha lanza cara o seu territorio, co que se consideraba iniciado o conflicto bélico

VESTAIS	-Había 6, e eran elixidas, moi noviñas (entre os 6 e os 10 anos), polo *Pontífex Maximus* entre as familias máis distinguidas de Roma - Debían manter aceso o lume sagrado de Vesta, símbolo da permanencia de Roma - Tiñan que manterse virxes durante 30 anos, baixo pena de morte por soterramento, xa que por ser sagradas o seu sangue non se podía verter

FESTAS

FERIAE	*LVPERCALIA*	- Celebradas o 15 de febreiro - Os participantes (*luperci*), seminus, partían en correas as peles dos animais sacrificados e percorrían a cidade azoutando aos que se topaban
	LEMVRIA	-Celebradas entre o 9 e o 13 de maio - As almas dos mortos visitan as casas que habitaron, e hai que afastalas con palabras amables, para que os defuntos acouguen
	SATVRNALIA	-Celebradas entre o 17 e o 23 de decembro - Ofrecíanse moitos banquetes, e tamén se intercambiaban regalos e bos desexos para o novo ano que estaba a piques de comezar

Igual que facemos hoxe, había datas do ano dedicadas especialmente a algunhas celebracións relixiosas. O seu número era considerable, xa que ás que tiñan data fixa hai que engadir as que se decretaban con motivo dalgún acontecemento excepcional, tanto de carácter positivo como negativo. En xeral, cómpre distinguir entre as de carácter estrictamente relixioso (*feriae*) e as que mesturaban un elemento civil e un relixioso (*ludi*). Se te fixas, verás que ainda conservamos rasgos

Representacións pictóricas das *Lupercalia (arriba)* e *Saturnalia* (dereita)

Eran múltiples os actos cos que se pretendía entrar en contacto co deus ou deuses obxecto de homenaxe para conseguir o seu favor. Ademais das *feriae*, en ocasións extraordinarias (desgracias públicas, p. ex.) as autoridades decretaban ritos especiais, denominados *supplicationes*. En canto aos ritos máis cotiáns, eran

LVSTRATIO	Rito purificatorio mediante o emprego ritual de certos elementos, maiormente auga e lume. Tamén podían culminar cun *sacrificium*
LECTISTERNIVM	Banquete ofrecido a unha ou varias divinidades de orixe estranxeira; os deuses asistían eb forma de estatuas ou de obxectos relacionados co seu culto
VOTVM	Promesa de realización dun acto en obsequio dunha divinidade se esta cumpre o pedido que se lle fai
SACRIFICIVM	Podía ser de froitos ou animais, con derramamento de sangue: vacas, porcas, ovellas…

Baixorrelevo dun *lectisternium*

O *sacrificium* máis rechamante co que podía rematar unha *lustratio* era o chamado *suovetaurilia*, no que se inmolaban un porco, unha ovella e un touro



Os *ludi* eran celebracións onde o elemento relixioso e o civil estaban mesturados. Eran moi apreciados pola poboación, xa que incluían espectáculos teatrais, combates de gladiadores e carreiras de carros. O número de días ao ano nos que se celebraban chegou a ser de 177. Os máis importantes eran estes:

LVDI ROMANI	- Tamén chamados *Ludi Magni*, eran as festas principais e foron instituídos no 390 a.C. - Honrábase a Xúpiter Óptimo Máximo - Duraban do 4 ao 19 de setembro: o día grande era o 13, no que se ofrecía un banquete ao deus
LVDI APOLLINARES	- Eran na honra de Apolo e foron establecidos no 212 a.C. - Celebrábanse en torno ao 13 de xullo
LVDI MEGALENSES	- Neles celebrábase a Cibeles, tamén chamada *Magna Mater*, divinización da fertilidade da terra - Tiñan lugar arredor do 4 de abril

	ISIS	- Entrou con forza en Roma no s. I a.C., procedente de Exipto - As mulleres tiñanlle fe, pois confiábase nela como dadora de fertilidade e protectora nos partos - Supoñíanselle vínculos coa vida ultraterrena, xa que resucitou ao seu marido Osiris
	MITRA	- Aparece en época imperial e procede da zona do Imperio Persa -- Personifica a loita entre o Ben e o Mal: os fieis, co seu culto, axudan a Mitra a facer triunfar o Ben, e a cambio reciben a felicidade eterna despois da morte
	XESÚS CRISTO	-Chega a Roma desde Palestina, previo paso polas zonas de fala grega do Imperio -Vai gañando adeptos ata penetrar en todas as capas sociais, partindo das más desfavorecidas - Ofrece a vida eterna a cambio de practicar o modelo de vida do fundador

Avanzado xa o réxime imperial, a incertidume que paseniñamente afectou ás vidas das persoas fixo que comezásen a ter adeptos unha serie de relixións que prometían o benestar para unha vida posterior á terrenal. Houbo tres que destacaron polo número de fieis que atraeron, e mesmo unha delas trascendeu o Imperio Romano